

A man trémula na superficie do volante, mentres as marchas ían bruscas no meu tacto. A mente en branco, voando nunha atmosfera de surrealismo que percorre as miñas costas. As memorias, son rápidas na superficie lisa na que se transforma a miña mente. Mentres penso, mentres a dor non deixa de esvarar pola miña face. E miro o cristal. E vexo o seu rostro, infindo, cheo de rabia, provocando en min un medo terrible. E miro cara atrás, mentres o coche derrapa na curva, chegan a miña mente os primeiros instantes no que o vin, e de toda aquela ilusión agora só sinto dor. Profunda e eterna, mentres intento saír, mentres todas as miñas extremidades quedan paralizadas, polo recordo de todo o sufrimento, de cada golpe, de cada insulto. E mentres, comezo a notar como a sangue cae pola miña fazula, e chega ata os meus beizos, deixando un sabor amargo, que chega ata o máis intrínseco do meu ser. E chega o recendo de cada palabra chea de carraxe que el me dedicou, e a inferioridade, que se adentra en min, ata facerme pequeniña, e vólcome minúscula, e a estrada xigante, e a pesadume colosal. E penso que o maior tormento non foron os golpes, senón a perda da vida que me provocou a estancia con el. E cada día que pasaba eu ía perdendo o que fun, mentres a sangue escapa das miñas veas, correndo despavorida, instaurando o terror entre as miñas vértebras. E eu morría en cada palabra, en cada xesto, mentres sentía como me asfixiaba pouco a pouco. E mentres o meu arredor me dicía a berros que vivía nun xigante pesadelo laberíntico, que me levaba sempre ao mesmo punto, o desacougo, o non saber estar, a perna trémula chorando incesante contra o chan. Mentres a miña mente percorría en cámara rápida os recordos felices que pasei con el. El? Un monstro, unha abominación que me ía chupando a vida pouquiño a pouco, esnaquizando os últimos atisbos que quedan en min do que fun. Daquela muller á que lle brillaban os ollos, mentres a manipulación atrapaba ata os meus sonhos, deixándome falta de creatividade, de sensibilidade, sendo un simple titere da súa maldade. Morrendo en vida, mentres a súa alma corrupta se ía alimentando de todo aquilo que me facía

dano. E xa cansa, co seo palpitando e o corpo cheo de cor púrpura, sufrindo cada momevento, mesturándoo coa aflición do pensamento. E xa cansa veño aquí, e parálizome sentada no asento. Ata que o decido, porque quero ser libre, porque na miña alma aínda queda un ápice de vida, pequena, que só poderá voar se sae do meu corpo, se deixa este espírito tan demacrado, e decido pisar o acelerador, e sinto cóxegas nos pés e a miña mente voar, e cando caio na auga, a felicidade queda soa, deixando a dor aquí, para ser libre no seguinte, no que serei, na enerxía do que fun, e deixo a miña vida pasada, o intervalo de tempo onde aquela criatura me matou, déixoo na memoria das ondas, e agora a auga salgada non me cura, porque é imposible, pero polo menos descarga as miñas costas, para que eu, sexa capaz de voar.